

III PREMIOS DE INNOVACIÓN DOCENTE

CONSTRUÍNDO A ECONOMÍA E A CIDADANÍA EUROPEA E DA EUROSREXIÓN GALICIA- NORTE DE PORTUGAL NAS AULAS



Profesor: Diego Sande Veiga

Universidade de Santiago de Compostela

Cursos 2023-2024 e 2024-2025



1. Materias

Política Económica (2º ADE), como primeira achega do alumando do Grao en Administración de Empresas a esta disciplina, que presenta como obxecto no seu programa:

- Explicar o funcionamento e características específicas da política económica nas sociedades democráticas.
- Coñecer aplicacións da política económica en contextos espaciais e sectoriais diversos.

Política Económica Internacional (4º ECO), materia optativa correspondente aos estudos que conducen á obtención do título do Grao en Economía, e que presenta como obxectivos:

- Consolidar un foro de reflexión e debate colectivo arredor dos principais procesos, fenómenos e resultados da política económica internacional.
- Desenvolver a visión crítica e omnicomprendensiva de institucións, actores e procesos que caracterizan os aliñamentos actuais da política económica internacional.

Tendo en conta a transversalidade dos contidos, a aplicabilidade da actividade pode estenderse a outras materias do ámbito do desenvolvemento económico, da estrutura económica mundial, e a outras titulacións.



2. Obxectivos

2.1 Cubrir necesidade de formación e coñecemento do proceso de conformación europeo e da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal no contexto europeo

En ausencia dunha materia específica con formación sobre políticas da UE e Eurorrexións no actual plans de estudos, a proposta innovadora e educativa presentada ao alumnado pretende facer fronte a esta necesidade.



2.2 Contribuír ao proceso de construción europeo desenvolvendo a conciencia de cidadanía da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

Un dos obxectivos principais desta actividade innovadora é a toma de conciencia do alumnado da súa cidadanía europea e da pertenza á Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, para o que nos achegaremos a esta realidade a través da política económica. A actividade proposta alíñase con tres dos retos formulados como parte dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), impulsados desde a Organización de Nacións Unidas (ONU):

- Enfrontar os retos da cidadanía e das comunidades (Obx. 11),
- Promover a solidez das institucións (Obx. 16), e
- Tecer alianzas para acadar os obxectivos (Obx. 17)



3. Descrición e duración

Para acadar os obxectivos propostos leváronse a cabo as seguintes actividades que se desenvolveron secuencialmente ao longo da duración das materias dos cursos 2023-2024 e 2024-2025:

- a) Avaliación inicial: Na sesión inicial do curso lévase a cabo unha avaliación dos coñecementos do alumnado en relación á política económica e á Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal mediante un cuestionario en Kahoot, introducindo a gamificación.
- b) Presentación e visionado do documental “O diamante galego”, elaborado co asesoramento do docente, en colaboración con Nós Televisión, a Deputación da Coruña e a AGAL (consultar en: <https://www.youtube.com/watch?v=ln-b6E004yA&t=64s>). Na sesión de 14 de febreiro en 2024 no Salón de Graos (na que se contou co escritor Antón Bahamonde, co Presidente da Confederación de Empresarios Jorge Cebreiros, co director de Imaxin Software J. Ramón Pichel e con outros axentes) e nas respectivas aulas o 6, 7 e 10 de marzo de 2025.
- c) Sesión de debate posterior ao documental: O alumnado intercambia coñecementos e dúbidas respecto do proceso de construción da Eurorrexión. Tamén se dedica unha sesión interactiva á análise das políticas europeas. Empréganse textos elaborados polo docente¹.
- d) En 2024, en colaboración co IGADI, ofreceuse ao alumnado formación gratuíta e certificable especializada sobre UE ao alumnado, mediante as xornadas “Hablemos de Europa”. A

¹ Sande, D. (2020). O estrangulamento tecnolóxico de Galicia. Análise das políticas europeas para innovación rexional durante a Gran Recesión. Editorial Laiovento: Santiago de Compostela

Sande, D. e Sande, J. R. (2022).

Análise dos estados de execución de orzamentos públicos autonómicos: O caso dos programas operativos rexionais e plurirrexionais dos fondos estruturais : Concreción da análise da execución orzamentaria consecuencia da aplicación das políticas económicas públicas en Galicia. EDUGA, Revista Galega do Ensino nº 83. Dispoñible en: <https://www.edu.xunta.gal/eduga/2238/experiencias/analise-dos-estados-execucion-orzamentos-publicos-autonomicos-o-caso-dos-programas>

conferencia da investigadora Tamara Espiñeira “La Unión Europea y los Derechos Humanos”, do 15/10/2024 formou parte da AULA Ecoade (<https://ueglocal.hub.gal/#programa>).

- e) En 2025 contaremos cunha conferencia adicional, conducida polo docente e na que participarán Xosé Lago, subdirector responsable de cooperación transfronteiriza da Xunta de Galicia, e con Inês Gusman, directora do Centro de Estudos Eurorrexionais (CEER).
- f) A parte final da actividade levarase a cabo tras estas actividades e consiste nunha avaliación final cualitativa e cuantitativa a través de Google Forms para medir os progresos no alumnado.

4. Resultados

A seguir relaciónanse os resultados de aprendizaxe e as competencias que desenvolve o alumando a través da proposta didáctica innovadora:

- Competencias relacionadas coas materias:

- Discernir o contexto e realidade económica das políticas europeas e da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, tomar conciencia das mesmas e establecer como obxectivo a súa aprendizaxe.
- Coñecer as consecuencias para os axentes da aplicación e elaboración de políticas económicas a nivel europeo e eurorrexional.
- Comprender as políticas europeas e a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, no seu contexto espacial e sectorial.
- Fomentar a capacidade crítica e identificar as limitacións tanto das políticas públicas europeas, como do seu propio traballo.

- Relacionados cos contidos da titulación:

- CB2: Aplicar coñecementos adquiridos ao seu traballo de forma profesional e elaborar argumentos .
- CB3: Reunir e interpretar datos relevantes e emitir xuízos sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
- CB4: Transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado.

- Aprendizaxes para a vida:

- Fomentar a aprendizaxe activa e o contacto con axentes da Eurorrexión.

- Aprendizaxes transversais:

- Desenvolver o razoamento crítico (CT8)
- Mellorar a comunicación oral e escrita (CT3)



5. Vantaxes e dificultades

A incorporación de metodoloxías máis activas no procesos de ensino-aprendizaxe e na súa avaliación formativa son un complemento ideal que permitirá acrecentar algúns dos principais aspectos pretendidos a través da presente actividade. Así, a través desta actividade innovadora refórzanse principalmente conceptos clave como a pertenza á cidadanía europea. Isto implica necesariamente que o alumnado desenvolverá e mellorará, entre outros, aspectos como a igualdade e inclusión dos habitantes do territorio eurorrexional no que habita e interactúa. De maneira transversal, traballaranse aspectos relacionados coa familiarización e emprego de novas tecnoloxías. Finalmente, introdúcese tamén a gamificación no proceso de aprendizaxe.

Unha das principais dificultades para levar a cabo esta actividade reside no feito de que se tratarán aspectos relacionados cun nivel de administración, o Europeo, que presenta unha certa distancia xeográfica. Ademais o proceso de configuración institucional das Eurorrexións está en constante construción e presenta algunhas incertezas de cara ao seu desenvolvemento futuro. Por último, a proximidade xeográfica co Norte de Portugal e coa súa comunidade de traballo convida a que o alumnado pense inicialmente que coñece a súa realidade económica mellor do que realmente a coñece.

6. Recursos

Para esta actividade, contarase con recursos de diferentes tipos:

- Dispoñibilidade do Salón de Graos da Facultade de CC.EE. e Empresariais
- Ordenador e proxector
- Aulas para sesións interactivas
- Recursos audiovisuais obra do docente²
- Textos obra do docente
- Recursos para a gamificación: Kahoo, Quiz, Slido, Sporcle e/ou outros

Recursos de avaliación

A continuación, recompílese a información sobre os recursos do proceso de avaliación da actividade innovadora, que se leva a cabo en catro partes:

- Unha avaliación inicial mediante o emprego de novas tecnoloxías (Kahoot).
- O documental “O diamante galego”, do que se debate na aula.
- A avaliación da análise de políticas europeas na aula.
- Avaliación final, mediante o emprego de Google Forms e análise de datos.

² -O documental “O diamante galego” sobre a Eurorrexión Galicia_norte de Portugal, foi elaborado en colaboración con Nós Televisión, a Deputación da Coruña e AGAL. “O Diamante Galego” é um filme que nos aproxima das relacións económicas galego-portuguesas, nomeadamente no espazo circunscrito ao Eixo Atlántico. Entre moitos outros nomes, no Diamante Galego participan políticos e políticas (Teresa Táboas, Pedro Puy, Xesús Gamallo), presidentas das Cámaras municipais de Tominho (Sandra González) e Cerveira (Rui Teixeira); analistas (Antón Baamonde, Diego Sande); directivos de organismos empresariais e institucionais (António Cunha, Xoán Vázquez Mao); e empresarios e ex-empresarios como José Ramón Pichel (de Imaxin-Software) ou Enrique Sáez Ponte (presidente da fundación Juana de Vega e ex-diretivo do Banco Pastor).